

Celebrada a reunión da Mesa Delegada correspondente ao mes de setembro achegamos os temas tratados. Se tendes calquera dúbida podedes poñervos en contacto con nós a través do correo vigo.estado@cigadmon.gal

Inspección de Telecomunicacións

Concurso xeral. Está prevista a reunión da Comisión de Valoración para o 30 de setembro. Teñen idea de publicar a súa resolución durante o mes de outubro.

Concurso específico. O Ministerio quere resolvelo a finais de outubro pero na nosa opinión non parece que vaia a dar tempo.

Produtividade. Continuamos demandando que se nos facilite a relación nominal de persoas que perciben produtividade e o importe recibido por cada unha. Tamén solicitamos un aumento da contía do complemento de produtividade.

MUFACE

Concurso específico. Segundo manifestou o Secretario Xeral este ano non está previsto convocar o concurso específico porque quere esperar a que de produzan as incorporacións do persoal de novo ingreso. Para o grupo A2 aínda non hai prevista unha data de incorporación. Para os grupos C1 e C2 a data prevista de incorporación é o mes de outubro.

A CIG defendeu que antes de que se ofrezan destinos ao persoal de novo ingreso debería haber un concurso de traslados para que tivera opción a moverse o persoal que xa é funcionario. A Administración non comparte esta postura.

Cadro de persoal. A CIG preguntou se estaba prevista algunha modificación do cadro de persoal na Galiza. Segundo a Mutualidade, de momento non vai haber modificación de postos de traballo porque non o autoriza Función Pública.

Oficina de Tramitación Electrónica. A CIG solicitou información respecto a se hai previsión de crear unha RPT propia para a OTE diferenciada da Oficina Delegada de Vigo. O Secretario Xeral indicou que si pero que previamente hai que modificar o Estatuto orgánico de MUFACE, que xa debería de terse aprobado a principios de 2025, pero que o súa tramitación vai con atraso. Mentres tanto, hai dúas persoas adscritas á Oficina Delegada de Vigo e o resto do persoal está adscrito á Oficina de Tramitación Electrónica.

Unha vez modificado o Estatuto orgánico, tanto a OTE como a Oficina Polivalente (situada en Murcia) contarán cun cadro de persoal propio.

A CIG puxo de manifesto o desconcerto que as veces se da cando as persoas adscritas a OTE teñen que tramitar algunha solicitude (comisións de servizo, determinados permisos, etc.) xa que descoñecen se deben dirixirse ao Servizo Provincial, a Unidade de Apoio ou a dependencia de persoal dos Servizos Centrais.

Solicitamos que se lle aclare ao persoal como proceder ante os diferentes trámites administrativos. O Secretario Xeral indicou que se clarificará a dependencia para cada un dos trámites a todo o persoal da OTE.

Produtividade. Ao igual que pasou no 2024, as dúas produtividades semestrais vanse percibir xuntas a finais de ano. O pasado ano foi mediante unha nómina de incidencias que se percibiu xunto coa nómina de novembro.

Continuamos demandando que se nos facilite a relación nominal de persoas que perciben produtividade e o importe que percibe cada persoa. Tamén solicitamos un aumento da contía do complemento de produtividade. No caso de MUFACE as contías son ridículas comparadas coas de outros organismos.

Segundo se nos indicou por parte do Ministerio, o problema de que algúns organismos teñan un importe menor de produtividade que outros obedece a dúas causas:

- Que os diferentes responsables deses organismos non solicitaron un incremento orzamentario á Dirección de Costes de Persoal a medida que gañaban efectivos, modificaban os niveis dos postos de traballo, etc.
- No caso da produtividade por obxectivos, o problema radica en que os responsables non fan unha nova proposta de obxectivos das unidades, máis completa e con máis indicadores, para demandar de Costes de Persoal o incremento orzamentario correspondente.

A CIG pediulle ao representante de MUFACE que se pronunciase sobre a posibilidade de solicitar o incremento do crédito pero preferiu non dicir nada. Parece que hai unha falta de interese sobre o tema.

Trámites na web en Galego. Se unha persoa quere facer un trámite a través da sede electrónica ten que facelo forzosamente en castelán. A CIG xa expuxo esta situación na anterior reunión da Mesa Delegada do Ministerio. Segundo MUFACE isto débese a un problema técnico que descoñece polo que pediu hai meses un informe ao servizo correspondente. Parece que as persoas que o teñen que facer non están pola labor e os responsables da Mutualidade tampouco amosan interese en que o fagan.

A realidade é que noutros organismos pódese facer trámites electrónicos nas linguas cooficiais na súa sede electrónica o que demostra que a técnica si permite que as galegas e galegos que o desexen poidan entenderse coa Administración en galego. Logo o motivo de que na Mutualidade non se poida facer debe ser outro.

Dende a CIG seguiremos reclamando este dereito polas vías que consideremos necesarias.